

## **Protocolo para a realización das probas para a obtención do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.**

O alumnado **soamente poderá estar no interior do centro educativo para a realización dos seus exames**. Non poderá chegar con máis de 10 minutos de marxe, e deberá saír do edificio e entrar de novo cando o tempo de espera entre exames sexa maior de 10 minutos.

O alumnado entrará na aula **5 minutos antes** do seu exame e dedicará uns minutos á **desinfección da mesa e da cadeira** coa dotación de desinfección existente na aula (panos desbotables e solución desinfectante).

Desinfectarase tamén antes do exame calquera **outro material** que se vaia empregar nel.

**Non se poderá compartir material** cos compañeiros. Cada alumno realizará os exames e asinará na lista co seu propio material.

Entrarase deixando a **distancia de seguridade** de 1,5 metros e evitando que se formen agrupacións de alumnado durante a espera.

O alumnado e o profesorado teñen a obriga de **usar máscaras** durante a realización dos exames e na entrada e saída do centro.

En todas as aulas, na zona máis próxima á porta, colocarase un **dispensador de xel hidroalcohólico**.

Durante a realización dos exames e no tempo entre eles, deberá manterse unha **ventilación frecuente** do espazo.

As ventás, portas, persianas, contras e dispositivos de funcionamento da iluminación serán **unicamente usadas polo profesorado**, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.

**A entrega do exame e a saída da aula serán ordenadas**, de 1 en 1, gardando a distancia de seguridade de 1,5 metros e evitándose a formación de aglomeracións de alumnado.

É moi importante que se **respecten ao máximo os horarios establecidos**, para asegurar o correcto desenvolvemento das probas.

Na medida do posible, **cada persoa deberá ocupar o mesmo sitio ao longo do día**, nas diferentes probas que realice, nas sesións de mañá e tarde.